



# INTERCAMBIO CORAL



**CORO DI CORE**, Alcalá de Henares

Dirixe: Íñigo Guibert

**CANTAR DELAS**, Lugo

Dirixe: Fernando G. Jácome

**22 DE OUTUBRO DE 2022 ÁS 20:00 h**

**CÍRCULO DAS ARTES**

**LUGO**

**CORO DI CORE** naceu no 2014 como un dos proxectos estrela do Club de Música Avellaneda. Dende a súa creación está dirixido por Íñigo Guibert. É de destacar no seu repertorio a música da época cervantina, así como a música española e tamén europea dos séculos XVI e XVII. Complétase cunha gran variedade de cancións dos cinco continentes.

**ÍÑIGO GUIBERT** creou e dirixiu multitude de coros e grupos vocais: Octeto “More Hispano” (Madrid 1978-1981), “Coral Juan del Encina” (Madrid 1977-1997), “Coro Euridice” (Alcalá de Henares 1998), “Coro Vox Académica” (profesores de secundaria de Alcalá de Henares 2001-2012) “Coro jóvenes del Henares” (20008-2010), son os máis destacados. Foi o promotor e primeiro presidente da Federación Coral de Madrid (1983). Dirixiu, xunto con Elena Montaña, o Festival Internacional de Música de Piantón (Asturias), durante os dez anos que durou o evento (2011-2020)

**CANTAR DELAS** é o único grupo coral de voces brancas da provincia de Lugo. Está dirixido por Fernando Gómez Jácome dende a súa fundación no ano 2008. Nestes anos levou a cabo importantes proxectos musicais, entre os que destacan: o “Stabat mater” de Pergolesi, “As Cantigas de Martín Codax” e de “Santa Maria” de Afonso X o sabio, “Unha tarde na ópera”, “Mulleres libres, sempre”, “Carmina Viarum” e “Homenaxe a Xoán Montes

**FERNANDO GÓMEZ JÁCOME** iniciouse na música coral aos 14 anos, da man de Xosé Castiñeira Pardo, que era naquel momento prefecto de música da catedral de Lugo. A súa formación é basicamente autodidacta, mais como director de coro e cantante formouse en diferentes seminarios e cursos con Manuel Cabero, Javier Busto, Julio Domínguez, Carl Hogset, Fernando Eldoro, Dante Andreo e outros, ademais de ser director coral na cidade de Lugo, onde dirixe varios coros, destaca a súa investigación musicolóxica.

## PROGRAMA:

### CANTAR DELAS

Laudate domine. Richards Dubra

Beata es virgo Maria. Josu Elberdin

Miserere. Eva Ugalde

Olhos negros. Canção das Açores

Lollipop. Julius Dixon e Beverly Ross

### CORO DI CORE

Desde Alcalá, ¡ay amor!: Vecchi, Monteverdi, Morley, Dowland, Juan del Encina, Juan de Arañés y Mateo Flecha, el Viejo

“Hoy Gil en consejo abierto”. Anónimo de Romances y letras a 3 voces século XVII

### CORO DI CORE E CANTAR DELAS

Seguidillas en eco. Anónimo século XVII

Nunha lanchiña de vela. Popular

